

En defensa dos nosos montes, polo noso futuro, paremos a eucaliptización!

Pontevedra, 3 de maio de 2017.

A expansión do eucalipto en Galicia está a crear una fundada alarma social, a pesares de que o eucalipto xa ocupaba unha grande superficie, entorno ao 17% da superficie de Galicia, nos últimos anos esta praga segue a extenderse a grande velocidade. Nesta expansión o eucalipto está a ocupar o territorio no que se atopaban ecosistemas naturais pero tamén se expande sobre superficies agrícolas favorecendo a eliminación dunha parte importante do tecido produtivo do país e a aniquilación dos modos de vida sostibles da Galicia rural.

É alarmante que o eucalipto estea presente e se expanda nos espazos protexidos de Galicia dende o LIC Río Lérez ao Parque Natural das Fragas do Eume, dende as Gándaras de Budiño á Serra do Careón. É difícil atopar un espazo protexido no que esta especie non estea presente, ventureira ou cultivada.

Alármanos que os monocultivos progresen sobre as nosas terras agrícolas e de pastos, anunciando a desertización das nosas vilas e aldeas, terminando coa nosa agricultura e gandería empuxándoas á pobreza e ao esquecemento.

Estamos alarmados polo avance da eucaliptización que trae desaparición das nosas paisaxes, a destrución do noso patrimonio, a eliminación da nosa biodiversidade, a degradación dos nosos solos fértiles, a redución dos nosos recursos hídricos. Mentres, con eles, vemos como avanzan as vagas de lumes arrasando os nosos montes.

E sobre todo é alarmante que a Administración, contemplando o dano ambiental e social que está a provocar a expansión, sega a favorecerla. Alarmante e lamentable pero crúa realidade, para favorecer os intereses de ENCE, a Administración estatal concedeulle á empresa 60 anos de prórroga en Lourizán, para ruína da Ría de Pontevedra, e a Administración galega, feroz defensora da permanencia de ENCE na Ría, está tamén a favorecer a expansión e abaratamento da materia prima para a pasta, o eucalipto. Cunha política forestal irresponsable e destrutiva, favorece o incumprimento da propia lei de Montes que ten elaborado e que prohíbe a forestación de terreos agrícolas.

Por todo isto, porque queremos evitar que os eucaliptos cheguen ata esta praza, esiximos á administración a paralización da expansión dos monocultivos para que non ocupen nin unha hectárea máis, pedimos o cumprimento da lexislación en xeral e da lei de montes en particular que prohíbe a plantación en terreos con outros usos.

As especies de eucalipto máis plantadas en Galicia forman parte do atlas de especies invasoras elaborado polos científicos pero non das listas elaboradas polos políticos que so pensan en favorecer á industria. *Eucalyptus globulus* e *E. nitens* teñen que formar parte destas listas o que obriga a adoptar medidas de prevención de riscos.

Esiximos un Plan Forestal Galego que favoreza a redución ao mínimo dos cultivos de eucaliptos e que, nestes, se asuman os danos ambientais que provocan, un Plan Forestal que fomente a silvicultura de madeiras de calidade autóctonas e que permita reforzar o tecido social e económico nas comunidades rurais, garante da conservación do noso medio natural. Un Plan que desbote os cultivos enerxéticos baseados en eucalipto que convertan aos nosos montes nunha fábrica de combustible que arruinará aos nosos solos para sempre.

Esiximos a retirada total do eucalipto de todos espazos de Galicia que teñan algunha figura que implique protección ambiental e de aqueles que posúen formacións a conservar; a historia recente de incendios forestais fainos ver a ameaza que supón para estas áreas de protección de biodiversidade a conservación dunhas especies altamente combustibles.

Non deixemos que os eucaliptos cheguen á Praza da Ferrería, paremos á eucaliptización e saquemos a ENCE fora da Ría!

FEDERACIÓN ECOLOXISTA GALEGA

ASOCIACIÓN POLA DEFENSA DA RÍA

ASOCIACIÓN PARA A DEFENSA ECOLÓXICA DE GALICIA

COUSA DE RAÍCES



FEDERACIÓN ECOLOXISTA GALEGA



ASOCIACIÓN POLA DEFENSA DA RÍA



ADEGA



COUSA DE RAÍCES

PAREMOS A EUCALIPTIZACIÓN!



**PLANTACIÓN SIMBÓLICA
DE EUCALIPTOS**
SÁBADO, 3 DE XUÑO ÁS 12 DA MAÑÁN
NA PRAZA DA FERRERÍA DE PONTEVEDRA



FEDERACIÓN ECOLOXISTA GALEGA



ASOCIACIÓN POLA DEFENSA DA RÍA



ADEGA



COUSA DE RAÍCES